



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA DEZASEIS DE MARZO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezaseis de marzo de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (14/02/2023)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de febreiro do ano que andamos, que logo de facer a emenda que seguido se relaciona, apróbase por unanimidade dos asistentes:

*No punto 5º.- Aceptación da cesión de balde do ben denominado Edificio de usos múltiples en San Mamede de Ribadulla (Expediente núm. 2023/C009/000001)

Onde di “Primeiro.- Aceptar a cesión de balde do ben denominado “Edificio de usos múltiples”, que inclúe un espazo dedicado a tanatorio, no lugar de San Gregorio, 20 - Ribadulla (San Mamede), neste termo municipal, e sobre da parcela 578 do polígono 507 do catastro de este concello, con unha superficie construída de 389,80 m² e a xestión do servizo do tanatorio.”
Debe dicir “Primeiro.- Aceptar a cesión de balde por tempo indefinido do ben denominado “Edificio de usos múltiples”, que inclúe un espazo dedicado a tanatorio, no lugar de San Gregorio, 20 - Ribadulla (San Mamede), neste termo municipal, e sobre da parcela 578 do polígono 507 do catastro de este concello, cunha superficie construída de 389,80 m² e a xestión do servizo do tanatorio.”

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de don Juan Carlos Sánchez Moure. (Expediente número 2022/U026/000101)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Juan Carlos Sánchez Moure para colocación de dous portais de acceso á finca que se colocarán a 6 metros do eixe da vía municipal e sen superar os 1,80 metros de altura.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13/12/2022 (Expediente: 2102/22).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do informe emitido pola Consellería do Medio Rural, Xefatura Territorial de A Coruña - Servizo de Montes, de data 01/03/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000601300NH43F, emprazada en Socastro, 28 – Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección forestal, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados, así coma aos contidos dos informes e autorizacións emitidos.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Comunicación de obra de don Rafael Villar Gómez. (Expediente número 2023/U026/000004)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Rafael Villar Gómez para renovación de cuberta de vivenda retirando a tella existente e colocando nova tella cerámica.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001200700NH44A, emprazada en Matelo, 10 en Sales (San Xíán), en lo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. N-2 , e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e un euros con sesenta e oito céntimos (#51,68#).

2.3.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2023/U026/000006)

Dáse conta do citado expediente tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de FVA250 en vía pública. Ref. 8435110 - 3725803. en Raxoi - Vilanova (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada de data 02/02/2023 e número de proxecto 8435110. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Manuel Rogelio Martínez Rodríguez en calidade de Enxeñeiro de Telecomunicacións.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais. A licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada.



As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.4.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2023/U026/000007)

Dáse conta do citado expediente municipal tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de FVA250 en vía pública. Ref. 8436362 - 3727046 en Vilar, 26 - Vilanova (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada de data 06/02/2023 e número de proxecto 8436362. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Manuel Rogelio Martínez Rodríguez en calidade de Enxeñeiro de Telecomunicacións.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais. A licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.5.- Comunicación de obra de don José Uzal Rendo. (Expediente número 2023/U026/000008)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Uzal Rendo para renovación da cuberta de edificación, aproximadamente 100 m² en planta, retirando a tella existente e colocando nova tella sobre a uralita.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50800542, emprazada en Reboredo, 14 - Ponte Ulla, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e catro euros con noventa e seis céntimos (#74,96#).

2.6.- Comunicación de obra de dona Patricia Bustelo Gómez. (Expediente número 2023/U026/000009)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Patricia Bustelo Gómez para rehabilitación de edificación con destino a vivenda consistente en renovación da cuberta retirando a tella existente e colocando nova tella, aproximadamente 105 m² en planta.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001600300NH44A, emprazada en Quintáns, 21 - Sales (San Xíán), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e seis euros con vinte céntimos (#126,20#).

2.7. - Instancia núm. 202399900000163 de UFD Distribución Electricidad S.A. (Expediente núm. 2023/U022/000010)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, con domicilio en Coruña (A), solicita licenza para obras



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



de subministración eléctrica de 7KW para uso público. Proxéctase unha liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS finalizando en derivación BT dende a que se proxecta outra liña con final na CPM do solicitante, sendo a canalización da obra de 113 metros. SGD: 618523010254 en Outeiro - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2023/U022/000010), en solo cualificado polo vixente PXOM como Dos núcleos rurais. N-1, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Alejandro Fernández Reza, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 14.389,90 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada con data do 20/02/2023.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de douscentos oitenta e sete euros con oitenta céntimos (#287,80#)

2.8 .- Instancia núm. 202399900000131 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente núm.: 2023/U022/000008)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, con domicilio en Coruña (A), solicita licenza para obras



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



de subministración eléctrica de 9,2 kW para vivenda unifamiliar, liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS e final na CPM do solicitante, sendo a canalización da obra de 9 metros con SGD: 618522090191, en Paradela - Sales (San Xián) (expediente núm.: 2023/U022/000008), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Alejandro Fernández Reza, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 789,54 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 10/02/2023 (Expediente: 3059/22), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio/ nun ámbito catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 18/10/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.9.- Instancia núm. 202399900000128 de UFD Distribución Electricidad, S.A (Expediente núm.: 2023/U022/000007)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, con domicilio en Coruña (A), solicita licenza para obras de subministración eléctrica de 5.75kw para vivenda unifamiliar, liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS e final na CPM do solicitante, sendo a canalización de obra de 51 metros. SGD: 618522100147 en Xián –San Andrés de Trobe (Expediente núm.: 2023/U022/000007), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Alejandro Fernández Reza, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 5.416,14 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 02/02/2023.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento oito euros con trinta e dous céntimos (#108,32#)

2.10.- Comunicación de obra de Transworldsolar Galicia, S.L. (Expediente número 2023/U026/000003)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Marcos Rey Cibrán, en representación de TRANSWORLDSOLAR GALICIA SL para instalación solar fotovoltaica en autoconsumo de 96 módulos fotovoltaicos de 450Wp instalados sobre a cuberta de nave industrial de Augardentes de Galicia, S.A., nos termos da documentación técnica achegada asinada por Guillermo Penedo Cobelo en calidade de Enxeñeiro Industrial e de data 26/01/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A506020320000AI, emprazada en Cubelas, 13 – San Pedro de Sarandón, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria R-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincocentos oitenta e seis euros con trinta e cinco céntimos (#586,35#).

2.11.- Instancia núm. 202299900001002 de Miguel Torres, S.A. (Expediente número 2022/U007/000010)

Dáse conta da citada instancia na que don Gabino Grande Toro, en representación de MIGUEL TORRES S.A, expón que con data do 03/02/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de galpón para usos agrícolas en Ribadulla (San Mamede), referencia catastral da parcela 15090A507009120000AG, (licenza número 2021/U022/000029), nos termos da documentación técnica achegada asinada por Gabino Grande Toro en calidade de Enxeñeiro Agrónomo, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira utilización (expediente: 2022/U007/000010) .

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros

2.12.- Instancia de don Juan Manuel Gaiteiro Moure. (Expediente número 2023/U018/000004

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para reconfiguración de lindes de dúas parcelas emprazadas en Marzán de Arriba (Vedra) resultando dúas novas parcelas, nos termos da documentación técnica achegada asinada José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 10/02/2023.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo Rústico de Especial Protección Agrícola (R2) e Solo Rústico de Especial Protección Forestal, (R-3) .

Dáse conta do informe sectorial emitido pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, Servizo de Infraestruturas Agrarias, con data do 09/03/2023 en sentido favorable.



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para reconfiguración de lindes das parcelas obxecto do expediente nos termos da documentación técnica sinalada.

2.13.- Instancia de dona María Adoración Penas Dos Santos. (Expediente número 2023/U018/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita declaración de non necesidade de licenza para parcelamento da finca con referencia catastral 000202200NH43D0001JD, emprazada en Vista Alegre – Ribadulla (Santa Cruz), en dúas parcelas resultantes, nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Francisco Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola asinado con data do 18/01/2023 e anexo de corrección de erros asinado polo mesmo técnico e coa mesma data.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural (N1), Solo de Expansión de Núcleo Rural (N-2) e como Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria, (R-2), quedando unha das parcelas resultantes integramente en Solo de Núcleo Rural (ordenanza N-1) e a outra en parte en Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N-2) e o resto en Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda declarar a non necesidade de licenza para o parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Vista Alegre - Ribadulla (Santa Cruz) nos termos da documentación técnica achegada.

2.14.- Escrito núm. 202300000000195 de Ángela María Sánchez Piñeiro. (Expediente número 2017/U022/000017)

Dáse conta do mencionado escrito onde a interesada expón que con data do 22/03/2018 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Quintáns, 41 – Sales (San Xián), (expediente municipal número 2017/U022/000017), figurando na documentación técnica a cesión de terreos e que realizado un levantamento topográfico da finca obxecto do expediente observouse que as coordenadas catastrais xeoreferenciadas estaban incorrectas, sen que iso afectase á delimitación da finca nin á superficie de cesión de terreos do expediente de construción da vivenda.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda incorporar ao expediente o documento coas novas coordenadas xeoreferenciadas que non modifican a superficie de cesión de terreos do expediente 2017/U022/000017.

2.15. -Instancia núm. 202399900000190 de dona Raquel Almazán Ortega e don Juan José Guerra Rodríguez (Expediente prórroga número: 2023/U003/000001)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados expoñen que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 10/03/2020 concedeulle licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Pousada de Abaixo, 18 - Vedra (Expediente número 20185/U022/000025), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.16.- Instancia núm. 202300000000244 de dona Sandra Rodríguez Devesa. (Expediente prórroga número: 2023/U003/000003)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 23/03/2017 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Bazar, 32 – Trobe (San Andrés) (Expediente número 2016/U022/000026), e con data do 21/07/2020 concedéuselle unha prórroga para a mencionada obra. Dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha segunda prórroga.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha segunda prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, tendo en conta que as mesmas están rematadas exteriormente.

A prórroga concedida entenderase dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

3º.- Acordo, de concesión e pagamento de axudas para o estudo do Concello de Vedra (Modalidade: axudas ao transporte). Curso 2022/2023

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de outubro de 2022, aprobou a convocatoria de axudas para o estudo do Concello de Vedra, curso escolar 2022/2023.

Visto que de acordo co establecido nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, remitiuse extracto da convocatoria á BDNS, publicándose a mesma con data 04 de novembro no BOP núm. 209/22, na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.vedra.es>)

Vista a proposta emitida pola comisión avaliadora das citadas axudas designada ao efecto por Resolución da Alcaldía 933/22, de data 21 de decembro, con data 04 de xaneiro de 2023.

